



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias/dobre-grao-quimica-biologia



Graos simultáneos en Química e en Biología



www.usc.gal

Química e Bioloxía

Esta dobre titulación ten por obxectivo formar graduados que cubra as múltiples áreas onde os profesionais de ambas ramas se necesitan mutuamente, máis alá da conexión entre Química e Bioloxía que implica á Bioquímica.

Tipo Presencial

Área Ciencias

Centro

Facultade de Química
Avda. das Ciencias, s/n
15782 Santiago de Compostela
facultade.quimica.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias/dobre-grao-quimica-bioloxia

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 6

Número de prazas: 20

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en 6 cursos, cun total de 366 créditos ECTS que están formados por 72 créditos de formación básica, 261 créditos de materias obrigatorias, 6 créditos optativos/prácticas externas, e 27 créditos correspondentes aos dous traballos de fin de grao.



O Grao en Química conta co Selo Internacional de Calidade EUROBACHELOR®. Este selo avala que

o seu programa formativo cumpre cos estándares internacionais establecidos por académicos e profesionais do sector.

Mobilidade e Prácticas Externas

Existen tres programas de mobilidade que permiten cursar entre un e dous semestres fóra da USC, tanto a nivel nacional como internacional: programa SICUE de mobilidade en España, programa ERASMUS+ para Europa e países asociados extracomunitarios, e o programa de Convenios Bilaterais subscritos con universidades de países fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

O alumnado da dobre titulación pode realizar prácticas externas nunha empresa ou nunha institución pública coa que exista un convenio de colaboración. Estas prácticas teñen unha duración de 90h e computan para a obtención do título como 4,5 créditos ECTS optativos.

Por que Química e Bioloxía

A Química é a ciencia que abarca dende o mundo submicroscópico dos átomos e as moléculas ata o ámbito dos materiais que utilizamos de xeito cotián, constituíndo unha parte esencial da formación de moitos científicos e enxeñeiros.

A Bioloxía estuda a vida desde o nivel molecular ata o ecosistema; a biotecnoloxía e a conservación e xestión do medio ambiente constitúe un dos eixes fundamentais da investigación básica e aplicada a nivel mundial.

A formación ofertada neste dobre itinerario, formará egresados altamente competitivos e preparados para poder orientarse por unha ou outra rama, ou idealmente por vías colaborativas de investigación.

Aínda que as conexións entre Química e Bioloxía que se establecen de xeito obvio son as que implican á Bioquímica, existen ademais múltiples áreas onde os actuais profesionais de ambas ramas se necesitan mutuamente; esta proposta pretende formar graduados que cubran ese espazo.

